

SERVIZOS CENTRAIS E  
TÉCNICOS

XERENCIA MUNICIPAL DE  
URBANISMO

CONCELLO  
DE VIGO



Expediente 14992/407

**Asunto: CONTRATACIÓN DA REDACCIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO ENSANCHE. AMPLIACIÓN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS.**

### INFORME-PROPOSTA:

O Consello da Xerencia, na sesión ordinaria de 07.03.2023, aprobou o expediente de contratación do servizo de redacción do Plan Especial de Protección do Ensanche histórico de Vigo e a apertura do procedemento de licitación, mediante a publicación dos anuncios esixidos pola Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, establecendo un prazo de presentación de proposicións de trinta e cinco (35) días naturais contados dende a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

Consta neste expediente (trámite 39) a remisión ó Diario Oficial da Unión Europea a través da Plataforma de Contratos do Sector Público o día 10.03.2023. Esta data establece o día de inicio do prazo mínimo de 35 días (naturais) para presentar ofertas, constando na Plataforma de Contratos como data final o 14 de abril de 2023 e como data final para facer preguntas 4 de abril de 2023.

Con data 03.04.2023 unha entidade interesada nesta contratación, a través do Rexistro Electrónico (documento 230082255), reclama unha documentación que no prego de prescricións técnicas se expresa que se vai a poñer a dispor dos licitadores e solicita ampliación de prazo para presentar ofertas. A pesar de que dita documentación está dispoñible na web, decídese incorporar á Plataforma de Contratación os enlaces que permitan acceder directamente a devandita documentación. Dita incorporación realízase o 04.04.2023, data na que se entende completa na Plataforma a información necesaria para a licitación e conforme cos pregos que rexen a mesma.

A efectos de garantir a concorrancia e que esta contratación se axuste integramente os principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos (artigo 1.1 da citada Lei 9/2017), propónse a **ampliación do prazo de presentación de ofertas, que pasará a finalizar o 9 de maio de 2023**, estendendo o prazo para presentar preguntas ata o 29 de abril de 2023 (as respostas publicadas ata o 4 de maio de 2023).

No lugar e data das sinaturas electrónicas

Juan González Ramírez, xefe dos Servizos Centrais

CONFORME, Carlos Hernández Figueruelo, XERENTE

### RESOLUCIÓN

Visto o informe-proposta que antecede, no uso das facultades que me outorgan os vixentes Estatutos deste Organismo Autónomo e a delegación do seu Presidente de data 11.07.2019 (publicada no BOP de Pontevedra de 22.07.2019), RESOLVO:

**“Ampliar o prazo de presentación de ofertas da licitación do servizo de redacción Plan Especial de Protección do Ensanche histórico de Vigo, que pasará a finalizar o 9 de maio de 2023, estendendo o prazo para presentar preguntas ata o 29 de abril de 2023 (respostas publicadas ata o 4 de maio de 2023).”**

María José Caride Estévez, VICEPRESIDENTE